

GARANTÍA DE COMPROMISO DA DIRECCIÓN DA EMPRESA

Centro de Atención de Llamadas S.A. declara o seu compromiso no establecemento e desenvolvemento de políticas que integren a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes, sen discriminar directa o indirectamente por razón de sexo, así como no impulso e fomento de medidas para conseguir a igualdade real no seno da nosa organización, establecendo a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes como un principio estratéxico da nosa Política Corporativa e de Recursos Humanos, dacordo coa definición de dito principio que establece a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

En todos e cada un dos ámbitos en que se desenvolva a actividade desta empresa, dende a selección á promoción, pasando pola política salarial, a formación, as condicións de traballo i emprego, a saúde laboral, a ordenación do tempo de traballo e a conciliación, asumimos o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, atendendo de forma especial á discriminación indirecta, entendendo por esta "A situación na que unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros, pon a unha persoa de un sexo en desvantaxe particular respecto de persoas do outro sexo".

A empresa comprométese a facilitar os recursos necesarios, tanto materiais como humanos, para a elaboración do diagnóstico, definición e implementación do Plan de Igualdade e a inclusión da igualdade na negociación colectiva.

Respecto á comunicación, tanto interna como externa, informarase de tódalas decisións que se adopten a este respecto e se proxectará unha imaxe da empresa acorde con este principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Os principios enunciados levaranse á práctica a través do fomento de medidas de igualdade, a través da implantación dun Plan de igualdade que supoñan melloras respecto á situación presente, arbitrándose os correspondentes sistemas de seguimento, coa finalidade de avanzar na consecución da igualdade real entre mulleres e homes na empresa e por extensión, no conxunto da sociedade.

Para levar a cabo este propósito contarase cos traballadores e traballadoras, en todo o proceso de desenvolvemento e avaliación das mencionadas medidas de igualdade do Plan de igualdade.

En Ourense, a 26 de maio de 2017

Asdo.



callcenter
Centro de Atención de Llamadas S.A.
Ourense

Representante legal da empresa